"Bicentenario Marcial del Adalid: a memoria cantada" 1826-2026

Colabora:

Concello da Coruña

Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Homenaxe á excelencia coral galega: un encontro histórico

Participan:

- Coral Polifónica de Bergantiños
- Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos
- Real Coro Toxos e Froles
- Coral Polifónica El Eco
- Coral De Ruada
- Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra
- Coro Galego Cántigas da Terra
- Coral Polifónica Follas Novas

Manuel Quintana Martelo
Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes

Galicia conmemora neste 2026 o bicentenario do nacemento de Marcial del Adalid (1826-2026), figura imprescindible do noso Rexurdimento e arquitecto da identidade musical galega. Con motivo desta efeméride, a Real Academia Galega de Belas Artes convoca estes dous concertos extraordinarios que reúnen, por primeira vez baixo un mesmo propósito, a excelencia da nosa tradición vocal.

A evolución do movemento coral galego desde os orfeóns decimonónicos ata a eclosión dos coros populares en 1916 marca un fito na nosa vertebración social. Baixo o amparo das Irmandades da Fala, estas formacións asumiron a misión de salvagardar o folclore galego, unha tarefa que as converteu en piares da nosa participación cultural. A Real Academia Galega de Belas Artes institucionalizou este recoñecemento en 1949 coas Medallas 'Marcial del Adalid', froito do empeño académico de Don Adolfo Anta Seoane. Esta distinción celebra a constancia individual e colectiva que hoxe personifican os nosos coralistas. A música coral foi, xa que logo, o refuxio e a voz do noso pobo. Neste contexto, a Medalla Marcial del Adalid representa o máximo recoñecemento que esta Real Academia outorga a aquelas agrupacións que fixeron da polifonía un baluarte de cultura, historia e perfección técnica.

Nestes dous concertos conmemorativos, o escenario do Teatro Colón da Coruña hónrase coa presenza de oito institucións corais que custodian esta distinción académica. A súa participación non é só un acto de homenaxe ao mestre Adalid, senón unha mostra da vitalidade e o prestixio do noso patrimonio sonoro. Dous séculos despois do nacemento de Adalid, estas agrupacións seguen proxectando a sensibilidade dun compositor que soubo irmandar a vangarda europea coa raíz popular. Ao reunir a estas oito corais, non só celebramos o pasado, senón que reafirmamos o compromiso de Galicia coa excelencia artística e a preservación da súa memoria colectiva.

Invitamos á sociedade galega a participar neste fito histórico. Que estas voces, unidas pola Medalla Marcial del Adalid, resoen como o testemuño vivo dunha terra que canta á súa historia e mira con orgullo cara ao seu futuro.



Marcial del Adalid

(*Xilografía: E. Vela*; La Ilustración Española y Americana; *Ar. E. Casares*)

Lucía Patiño Ponte
Historiadora da Arte

As medallas "Marcial del Adalid": o enaltecemento da música popular galega e dos seus mantedores

O frío na pedra, a calidade da madeira dos bancos, o recendo a incenso, o retablo douradísimo, a cúpula sostida polas pendentes, o cristo xacente, a virxe encinta, o silencio previo ao que nos agarda.
É a fabulosa combinación de estímulos sensoriais que nos abrangue antes da interpretación do coro…
E o intre previo: a inhalación simultánea dos seus membros que dá paso a Lela.
Lela *que a percibo case como miña, que a vivín desde a infancia como unha das máis bonitas e emotivas pezas que escoitei, que sentín.*
A pel de galiña, o arrepío, a bágoa que dubida se precipitarse, mais se contén no lacrimal.

O 15 de outubro de 2016, a Coral Polifónica "El Eco" interpretaba, entre outras, *Lela* de Castelao e Rosendo Mato Hermida, no acto de entrega das insignias persoais á constancia musical "Marcial del Adalid" que tivo lugar na Igrexa das Capuchinas de A Coruña.

67 anos antes, en 1949, Adolfo Anta, académico de número da Sección de Música, presentaba en sesión ordinaria a idea e o proxecto para premiar o mérito de homes e mulleres non profesionais que desenvolvían a súa actividade musical, de maneira desinteresada, nas agrupacións corais de Galicia.

A proposta de Adolfo Anta consistía non soamente en elaborar un premio -unha medalla e un diploma- para entregar aos galardoados, se non que ademais, o acto debía ser formal e rigoroso, dotado da excelencia propia dunha institución como a Academia.

Aínda que gran parte da Corporación recibiu a proposta con entusiasmo e ilusión, Anta tivo que enfrontar os convencionalismos dunha Xunta de Gober-

Entrega da Medalla de Ouro "Marcial del Adalid" a don Manuel Cajaraville Pensado, corista, bailarín e coreógrafo, o 18 de febreiro de 1984 no Hotel Riazor de A Coruña.

De esquerda a dereita: José Trillo González, María Luisa Rodríguez Nache, Juan Naya Pérez, Manuel Chamoso Lamas, entregando o diploma a Manuel Cajaraville, e Luis Quintas Goyanes.

(Foto: Arquivo Agrupación Folklórica "Aturuxo")

no que seguía ancorada no academicismo, que poñía en dúbida a potestade da Academia para outorgar unhas medallas a persoas que non pertencesen á Institución e se opoñía a que o acto de entrega, de materializarse o proxecto, se fixese con excelencia e solemnidade.

En sesión de 10 de xuño de 1949, catro meses despois daquela primeira exposición do proxecto –e tras ser defendida contra vento e marea por algúns dos membros máis activos da Institución– as bases foron aprobadas.

Nelas se especificaban os requisitos necesarios para proceder á solicitude das medallas, que se dividían en dúas categorías, a de ouro, para casos de mérito extraordinario, e a de prata para as persoas non profesionais no mundo da música pero si cunha dedicación desinteresada durante un período de tempo considerable.

Tamén quedou reflexado nas bases tanto a maneira de proceder da Academia no ditame –mediante informes favorables dos membros da Sección de Música–, como a concesión do premio, que consistía na expedición dun diploma acreditativo e a imposición da medalla en calquera das súas categorías.

En 1970 se realiza unha pequena reforma nas bases relativa ao tempo mínimo de dedicación musical non profesional esixido ás mulleres (15 anos fronte aos 25 dos homes).

Nas bases anteriores non se facía referencia ao xénero.

A última reforma se realizou no ano 2004 con algunhas variacións significativas, resultado dos cambios sociais producidos nas últimas décadas do século XX.

Ampliáronse as categorías pasando a ser tres: Medalla de Ouro e Prata destinadas a personalidades destacadas no campo da música non profesional e para agrupacións musicais –diploma e medalla–, e a Insignia persoal á constancia musical, destinada aos membros das agrupacións non profesionais –diploma e insignias–.

Ademais, eliminouse a alusión ao xénero dos compoñentes e o tempo mínimo esixido reduciuse a 15 anos.

A primeira entrega das Medallas "Marcial del Adalid" tivo lugar o día 8 de xullo de 1951 no Salón Capitular do Concello de A Coruña.

A Xunta de Goberno, que tan ferventemente pronunciárase en contra deste recoñecemento en 1949, participou activamente tanto no deseño da medalla como no acto solemne de entrega.

Estruturouse un acto, que pervive hoxe en día, no que se lle dá especial protagonismo á colectividade e á súa historia –cedendo a palabra ao seu representante– e aos seus compoñentes –ofrecendo a posibilidade de que interpreten, se así o desexan, pezas do seu repertorio–.

Retrato de Adolfo Anta Seoane. 1948
(Foto: Arquivo RAGBA)

Os premios "Marcial del Adalid" son hoxe en día toda unha institución, son unha maneira de manter viva a memoria do admirado compositor, amplamente estudiado por Adolfo Anta, unha maneira de estender a súa fascinación por Adalid ao resto da sociedade galega, unha maneira de que o seu nome permaneza presente en cada fogar e en cada familia galega devota da música, en cada actuación á que acoden ostentando a insignia, en cada estandarte que luce a Medalla de Ouro.

Marcial del Adalid mantense vivo na nosa memoria colectiva, na nosa raizame, na nosa emoción.

Entrega da Entrega da Medalla de Ouro "Marcial del Adalid" a don Manuel Pérez Fanego, o 13 de novembro de 1986 na concatedral de San Xulián de Ferrol.

De esquerda a dereita: Teodoro Sandomingo García, José López Calo, María del Villar Mateo de Arenaza, Carlos Martínez-Barbeito y Morás, Manuel Pérez Fanego, Juan Naya Pérez y Laureano Álvarez Martínez.

Foto: Arquivo RAGBA

Concertos

Día 9 de setembro de 2026
Teatro Colón de A Coruña
19.30 h.

9s

CORAL POLIFÓNICA DE BERGANTIÑOS

- **Medalla de Prata Marcial del Adalid concedida en 2019**
- **Presidente: Antonio Ángel Pérez Pérez**

Con sede en Carballo e máis de 50 anos de historia, foi fundamental para a preservación do patrimonio coral galego. As súas raíces remóntanse a 1966, tras unha actuación de Semana Santa na igrexa parroquial de Carballo.

A Polifónica de Bergantiños inclúe no seu repertorio tanto polifonía clásica como música popular e habaneras.

Realizaron xiras por toda a xeografía galega, española e incluso saídas internacionais (Portugal, Francia), actuando como embaixadores culturais de Carballo. Son os protagonistas e anfitrións dos ciclos de música coral en Carballo durante o mes de novembro, destacando o Certame de Habaneras.

Ao longo da súa historia tiveron directores clave como o fundador Bernardo del Río e, en etapas máis recentes, Gloria Pardines, que leva máis de 30 anos á fronte da agrupación.

➤ PROGRAMA

• *Soños de Namorar*	Texto: Popular | Música: Nico Mateo Nicora
• *As Campas do Anllons*	Texto e música: Jesús Méndez Torrado
• *Alalá de Bergantiños*	Texto: San Luis Romero | Música: Iglesias Domínguez
• *Malpica*	Popular. Harm.: Alfonso de la Torre
• *Lela*	Texto: Castelao | Música: Rosendo Mato. Harm.: Manuel Paino

Directora: **Gloria Pardines**

CANTIGAS E AGARIMOS

- **Corbata Marcial del Adalid concedida en 1971**
- **Presidente: Manuel Rey Romero**

Fundada en Santiago de Compostela en 1921 por figuras como Bernardo del Río e Camilo Díaz Baliño, Cantigas e Agarimos é unha das institucións máis antigas dedicadas á recuperación e transmisión da cultura tradicional galega. Orixinada a partir do coro Queixumes dos Pinos, a agrupación adoptou o seu nome actual tras incorporar voces femininas, presentándose oficialmente no Teatro Principal.

Baixo a dirección artística de Bernardo del Río, o grupo consolidouse como un referente social e galeguista. Durante un século, diversificou a súa actividade a través do coro, o teatro, o baile e grupos instrumentais. Participou en fitos históricos como a estrea en Galicia de "Os vellos non deben de namorarse" de Castelao e en filmes como "El bosque animado".

Cunha recoñecida traxectoria internacional e colaboracións con grupos como Milladoiro, a asociación mantén vivo o seu legado mediante a Escola da Muiñeira e a revista "Algalia", recibindo numerosos premios polo seu labor de divulgación da lingua e a identidade de Galicia.

➤ PROGRAMA

• *Velai Vai* - Tradicional	Arr.: F. A. Rey Rivero e Roi Xesteira
• *Foliada da Silva Verde*	Xaquín Xesteira
• *Choutando*	Amadora Suárez Couto - Marina F. Vigo
• *No Alto do Pico Sacro*	Xaquín Xesteira
• *Foliada de Carril*	Bernardo del Río | Arr.: Xaquín Xesteira

Director: **Roi Xesteira**

REAL CORO TOXOS E FROLES

- **Medalla de Ouro Marcial del Adalid concedida en 2006**
- **Presidente: Arturo Lamas Braña**

Xurdiu en 1907 tras unha xira por Cataluña, aínda que a súa presentación formal como coro tivo lugar en 1915 no Teatro Jofre, baixo a dirección de Lorenzo Barja. Institución histórica do ferrolismo, ostenta o título de Real desde 1928, concedido por Afonso XIII.

Además, junto con el Rancho das Rendilheiras da Praça, son los impulsores del hermanamiento de las ciudades de Ferrol y Vila do Conde, localidad portuguesa que visitan anualmente desde 1958.

Esta entidad ferrolana acadou importantes éxitos no estranxeiro, como o recoñecemento de crítica e público en festivais como o "Intercéltico de Lorient" (Francia), en 1980; o "Folklórico da Emigración" en París, en 1982; e a "Romería Española" en Aylesford (Londres), en 1987.

A coral foi galardoada como 'Socio de Mérito' del Centro Gallego de Madrid, en 1918; 'Medalla al Mérito' de Gijón; 'Batuta de Oro' do Orfeón Catalá y 'Barretina de Oro' dos Coros Clavé de Barcelona, en 1934; 'Cruz do Mérito Naval', en 1941; 'Medalla de Plata' da cidade de Ferrol, en 1976; 'Medalla de Plata' e a 'Medalla de Ouro' de Galicia, en 2005; entre outros.

➤ PROGRAMA

• *Alalá de Santiago e Foliada da Montaña*	Populares
• *Foliada de Paderne*	Popular. Arranxos: Gumersindo Leira Rivas
• *Canto de pandeiro de Caión*	Popular. Arranxos: Manuel Fernández Amor
• *Foliada de Corrubedo e Pasodobre de Gargamala*	Populares. Arranxos: Manuel Amorós Romero

Director: **Manuel Amorós Romero**

CORAL POLIFÓNICA "EL ECO"

- **Medalla de Ouro Marcial del Adalid concedida en 2018**
- **Presidente: Carlos González-Garcés Santiso**

Fundada o 18 de decembro de 1881 por Pascual Veiga, a Coral Polifónica "El Eco" é a agrupación coral en activo máis antiga da Península Ibérica. Ao longo da súa dilatada historia, foi distinguida con numerosos galardóns, entre os que destacan o título de Órgano Oficial do Concello da Coruña, a Medalla de Prata da súa cidade natal, e as Medallas de Ouro de París e Porto.

O seu amplo repertorio abrangue desde a polifonía *a cappella* –relixiosa, profana, antiga e contemporánea– ata a música internacional e galega. Cun sólido percorrido xunto a prestixiosas orquestras e bandas, a coral interpretou óperas, operetas, zarzuelas, cantatas e oratorios en escenarios de referencia como A Coruña, Vigo, Oviedo e Madrid. Cun historial que supera os trinta títulos operísticos e máis de duascentas representacións, "El Eco" actuou baixo a dirección de recoñecidas batutas nacionais e internacionais, compartindo cartel coas figuras máis senlleiras da lírica.

➤ PROGRAMA

• *Ave Maris Stella*	Música: Marcial del Adalid
• *María Soliña*	Texto: Celso Emilio Ferreiro | Música: A. Paz Valverde
• *O quer que lle quer*	Música: Mauricio Farto
• *Cada Noite*	Texto: Rosalía de Castro | Música: Maximino Zumalave
• *Lela*	Texto: Castelao | Música: R. Mato (Harm: J. Domínguez)

Director: **Pedro Martínez Tapia**

Concertos

Día 10 de setembro de 2026
Teatro Colón de A Coruña
19.30 h.

10s

CORAL DE RUADA

(Medalla de Ouro Marcial del Adalid concedida en 2009)
Presdienta: Fátima María Malingre Grande

Fundouse en Ourense no ano 1918. Xurdiu grazas á iniciativa de Xavier Prado "Lameiro", Virxilio Fernández, Daniel González e Santiago de las Platas. O seu obxectivo era claro: rescatar, dignificar e difundir o folclore galego que, naquela época, estaba relegado ás aldeas e pouco valorado nas cidades.

Desde os seus inicios, Ruada destacou pola súa calidade técnica e pola súa posta en escena. Non se limitaban a cantar; recreaban as "ruadas" (festas populares nas rúas e prazas). Coidaron ao detalle a vestimenta tradicional, converténdose en referentes do traxe galego. O seu repertorio incluía alboradas, foliadas e cantos de berce, moitos deles recollidos directamente da tradición oral e harmonizados para coro.

A coral foi a voz da Galicia emigrante. Durante o século XX, realizaron xiras históricas por: Europa (Francia, Suíza, Alemaña) e América (Arxentina, Uruguai, Venezuela, Brasil, Cuba e México).

Ao longo de máis de 100 anos de historia ininterrompida, recibiron as máis altas distincións, como: a Medalla de Ouro de Galicia; a Medalla de Prata da Cidade de Ourense ou o recoñecemento como entidade de Utilidade Pública.

➤ PROGRAMA

• *Pasodoble de Negreira*	Popular tradicional
• *Alalá de Taboadela e Ourense*	Popular
• *Os teus ollos*	Texto de Curros Enríquez | Música de J. Castro Chané
• *Pandeirada de Ourense*	M. de Dios
• *Foliada de Mahía*	Harm.: Rumbao
• *Carballeira de San Xusto*	Popular
• *Muñeira de Santalices*	Repertorio de Faustino Santalices

Director: **Xoán Antón Vázquez Casas**

CORAL POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA

- **Medalla de Ouro Marcial del Adalid concedida en 2025**
- **Presidente: José Raposeiras Correa**

A Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra naceu en 1925 baixo a presidencia de Antón Losada Diéguez, como un proxecto de amigos da música entre os que figuraban Antonio Blanco Porto, Antonio Iglesias Vilarelle e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, quen deseñou o escudo e exerceu de escenógrafo. A súa estrea tivo lugar o 9 de abril de 1925 na igrexa de San Francisco. Desde entón, mantivo unha liña artística centrada na polifonía clásica, sacra e profana, xunto a melodías populares depuradas.

A dirección musical estivo marcada por longas etapas, destacando os 15 anos de Blanco Porto e os 24 de Iglesias Vilarelle. Pola súa presidencia pasaron figuras clave da cultura galega como Filgueira Valverde, Augusto García Sánchez ou Xosé Carlos Valle. A formación levou a súa música por toda Galicia, Portugal e o resto de España, contando co apoio de institucións como a Xunta ou a Deputación de Pontevedra. Entre os seus recoñecementos destacan a Medalla de Prata de Pontevedra e o prestixioso "Premio Otero Pedrayo" en 2025.

➤ PROGRAMA

• *Tres cantigas*	Texto: Popular | Música: José Verea
• *Prende salgueiriño*	Texto: Popular | Música: Emilio Lede
• *Coita*	Texto: Álvaro de las Casas | Música: Antón García Abril
• *Unha noite na eira do trigo*	Texto: Curros Enríquez | Música: Miguel Ángel Viro
• *O meu pandeiriño*	Música: José Miguelez

Solistas: **Mª del Pilar Baamonde Lusquiños** (soprano) | **Mª Pilar García Pinal** (soprano) | **Rafael Senn González** (tenor)

Dirección: **Nanette Sánchez Ordaz**

CÁNTIGAS DA TERRA

- **Medalla de Ouro Marcial del Adalid concedida en 2024)**
- **Presidenta: Laura Veleiro Suárez**

Fundado en 1916, xorde dentro da corrente nacionalista das Irmandades da Fala. Numerosas personalidades colaboraron con Cántigas da Terra: Perfecto Feijoo, Saturnino Cuíñas, Manuel Fernández Amor, Leandro Carré Alvarellos, Eladio Rodríguez González, Antón Vilar Ponte, e moi destacada é a figura do Académico Adolfo Anta Seoane, compositor, musicógrafo, organista, investigador musical e director de corais.

Con 19 discos gravados, o repertorio deste coro é amplísimo: máis de setecentas partituras, entre alalás, pandeiradas, maneos, foliadas, muiñeiras, cántigas de berce, cantares de arrieiro e de desafío ou alboradas. Con centos de actuacións en Galicia, viaxou por España, Portugal, Francia, Suíza, Alemaña, Gran Bretaña, Arxentina e Brasil.

O seu arquivo conserva un dos fondos máis completos da súa clase: importantes coleccións de partituras, obras de teatro, instrumentos, escenografías, programas de man e variada documentación de persoeiros vencellados ao coro.

➤ PROGRAMA

• *Alalá de Sada e Foliada de Sada*	Alalá: A. Anta Seoane. Foliada: Tradicional Recollida M. Fernández Amor.
• *Xota e Muiñeira da Fonsagrada*	Tradicional. Repertorio S. Fernández.
• *Alalá de Monterrei*	Tradicional. Harm: F. del Río
• *Pandeirada de Montouto*	Tradicional. Recollida: A. Anta Seoane.
• *Muiñeira de Bordocedo*	Tradicional. Arquivo Pablo Carpintero. Arranxo: Luís Bolón
• *Foliada de Cerdedo*	Tradicional. Recollida e harm: A. Anta
• *Tuxeiriña*	Xosé Romero Suárez

Mestres: **Alexandre Ruíz Vázquez** (Grupo Gaitas) | **José Luís Vázquez Rosales** (Grupo Baile)

Director Artístico: **Luís Bolón**

CORAL POLIFÓNICA "FOLLAS NOVAS"

- **Medalla de Ouro Marcial del Adalid concedida en 2023**
- **Presidente: Fernando Sandino Ráfales**

Nace en 1944, como continuadora da "Sociedade Coral e Recreativa Follas Novas", fundada en 1930, centrándose a polifonía "a capella", relixiosa, profana, antiga, moderna, internacional, nacional e rexional. no campo da polifonía e abarcando repertorios rexionais, hispánicos e estranxeiros, así como música relixiosa, madrigalista e escénica.

Foi dirixida por importantes batutas como Manuel Fernández Amor, Rogelio Groba ou Julio Cabo Messeguer; e tendo entre os seus máis destacados presidentes a Lino Rodríguez Madero e Juan Naya Pérez.

Está en posesión de prezados galardóns como a Medalla do Padroado Rosalía de Castro; a Medalla de Ouro da Asociación "Vos Fenianos" de Portugal; da Medalla do Círculo das Artes de Lugo; da Medalla Conmemorativa da visita da S.S. o Papa Xoán Pablo II a Galicia; das Placas da Deputación Provincial de Ourense e da Capitanía Xeral da VIII Rexión Militar.

➤ PROGRAMA

• *Xa non sei cantar*	Popular/Harm.: Santiago Pérez Bernal Arranxo para piano de Fernando V. Arias
• *Habanera coruñesa*	Texto e música: Fernando V. Arias Dedicada a Ana Mirzoyan
• *Suite de muiñeiras*	Popular, arranxos de Fernando V. Arias
• *Oda á Real Academia*	Texto e música: Fernando V. Arias

(Obra dedicada á Real Academia Galega de Belas Artes, onde se fai alusión á propia Academia e a compositores vinculados á cidade da Coruña, como Marcial del Adalid –homenaxeado no seu bicentenario–, Rogelio Groba, Eduardo Rodríguez-Losada, Juan Durán e o propio autor, Fernando V. Arias).

Susana de Lorenzo (soprano) | **Ana Mirzoyan** (piano) | **Fernando V. Arias** (director)